

Capítulo V
Réxime xurídico

Artigo 24º.-Réxime interno.

A actuación do Consorcio serán rexidas polo establecido nestes estatutos e nos regulamentos de organización e réxime interior que se supeditarán ao ordenamento xurídico vixente.

Para o non establecido nas disposicións anteriores aplicarase a lexislación reguladora do réxime das entidades locais.

Artigo 25º.-Lexislación aplicable.

A todas as actuacións do Consorcio seralles aplicable a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro; a Lei 7/1985, de bases do réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, e Real decreto lexislativo 781/1986, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, así como calquera outra normativa concordante.

Artigo 26º.-Modificacións, incorporacións e baixas.

As modificacións estatutarias, así como as altas e baixas dos concellos integrantes do Consorcio, seguirán o procedemento establecido no artigo 143 da Lei 5/1997.

Nos dous casos, previamente, procederáse á liquidación dos compromisos e obrigas, así como as posibles responsabilidades a que houbese lugar.

A separación requirirá os seguintes requisitos:

- a) Ser solicitada a separación cun ano de aviso previo.
- b) Que sexa tomada razón desta polo Pleno do Consorcio.

Poderán adherirse ao Consorcio outras administracións públicas ou entes privados sen ánimo de lucro, logo de solicitude e acordo que terá que ser aprobado por todas as entidades consorciadas, fixándose nos estatutos as achegas das entidades consorciadas.

No caso de que unha entidade das que integran o Consorcio decida unilateralmente a súa separación, manifestarao cun ano de antelación, sen deixar de cumprir cos compromisos contraídos nese prazo e sempre sen prexuízo do establecido nestes estatutos.

Artigo 27º.-Disolución.

1. Para a modificación dos estatutos do Consorcio, así como para a disolución deste, seguiranse as mesmas regras e o mesmo procedemento que o establecido pola lexislación estatal básica e polos artigos 143 e 144 da Lei 5/1997, para a modificación dos estatutos ou disolución das mancomunidades dos municipios.

2. No caso de disolución do Consorcio practicarase liquidación de todos os seus bens e dereitos e o resul-

tado positivo ou negativo será atribuído a cada un dos integrantes do Consorcio na mesma proporción que a establecida para a fixación das achegas ao Consorcio.

Artigo 28º.-Informe anual.

O Consorcio facilitará aos entes consorciados un informe anual sobre a propia xestión e prestará a súa cooperación e asistencia cando sexa requirida.

Disposición derradeira

Estes estatutos entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

ANEXO I

Relación dos concellos que integran o Consorcio e ratios de participación no 20% dos gastos de construción e equipamento:

- Vilar de Santos: 3,45%.
- Vilar de Barrio: 6,58%.
- Sandiás: 5,45%.
- Sarreaus: 6,19%.
- Xinzo de Limia: 50%.
- Trasmiras: 6,14%.
- Blancos, Os: 3,91%.
- Porqueira: 3,89%.
- Calvos de Rondín: 4,18%.
- Rairiz de Veiga: 6,15%.
- Baltar: 4,06%.

**CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS**

Corrección de erros.-Orde do 1 de agosto de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a contratación de técnicos locais de emprego no ámbito da colaboración desta consellería coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o ano 2005.

Advertidos erros na citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 154, do xoves 11 de agosto de 2005, é necesario efectuar a seguinte corrección:

Os anexos incluídos nas páxinas 14.117 a 14.119 deben substituírse polos que se insiren a continuación.

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
 EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

UNIÓN EUROPEA
 Fondo Social Europeo



EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE TÉCNICOS LOCAIS DE EMPREGO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO AS351B	DOCUMENTO SOLICITUDE S-1
---	---	------------------------------------

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE

DENOMINACIÓN		CIF	
REPRESENTANTE LEGAL		NIF	
ENDEREZO			
TELÉFONO	LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL

RESPONSABLE DA XESTIÓN POR PARTE DA ENTIDADE, OU PERSOA DE CONTACTO

NOME		
POSTO QUE DESEMPEÑA	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO		

D/Dna. _____, en calidade de _____ da entidade citada,
SOLICITA:
 A concesión da subvención prevista na orde da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais do ___ de _____ de 2005, para:

A contratación de _____ técnicos locais de emprego.
 A prórroga de _____ técnicos locais de emprego por un importe total de _____ €.

DECLARA que:
 - A esta solicitude xúntaselle a documentación que se especifica ao dorso.
 - Acepta as actuacións de comprobación previstas na orde de convocatoria.
 - Os datos desta solicitude son certos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 1 de agosto de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a contratación de técnicos locais de emprego no ámbito da colaboración da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o ano 2005.

SINATURA DO REPRESENTANTE

_____ de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE REXISTRO
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA / /
	DATA DE EFECTOS / /
	DATA DE SAÍDA / /

Delegado/a provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA *

SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE TÉCNICOS LOCAIS DE EMPREGO (CÓDIGO PROCEDEMENTO AS351B)

CERTIFICADO DO SECRETARIO DA ENTIDADE LOCAL NO QUE CONSTAN OS EXTREMOS SINALADOS NO ARTIGO 5º.2.I).

FOTOCOPIA COMPULSADA DA TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL DA ENTIDADE LOCAL.

PLAN DE ACCIÓN PARA O EMPREGO QUE VAI DESENVOLVER CADA TÉCNICO OU GRUPO DE TÉCNICOS SEGUINDO A ESTRUCTURA DEFINIDA NO ARTIGO 5º.2.III).

DECLARACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE NA QUE CONSTEN OS EXTREMOS SINALADOS NO ARTIGO 5º.2.IV) (ANEXO II).

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA (ANEXO IV).

NO CASO DE PRÓRROGA, ADEMAIS DA CITADA DOCUMENTACIÓN, UN RESUMO ESTATÍSTICO DAS ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO POLO TÉCNICO LOCAL DE EMPREGO NO ANO ANTERIOR, ASÍ COMO DOS BENEFICIARIOS DAQUELAS.

* A solicitude, así como a documentación en cada caso exixible, deberá achegarse por exemplar duplicado.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

ANEXO II

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo



EXPEDIENTE

**DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE
DAS DISTINTAS ADMINITRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES**

Don/a _____, con DNI _____
solicitante dunha axuda en representación da entidade _____,
para a contratación de técnicos locais de emprego ao abeiro da Orde do _____, declara que nas
datas que a continuación se relacionan presentou solicitude/s e foi/ronlle concedida/s, se é o caso, as seguinte/s axuda/s para o
mesmo fin:

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, SOCIEDADE OU ENTIDADE PÚBLICA Á QUE LLE FOI SOLICITADA A AXUDA	DATA DE		CONTÍA
	SOLICITUDE	CONCESIÓN ⁽¹⁾	
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____

⁽¹⁾ No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indícase *PENDENTE* nesta columna. No caso de solicitudes denegadas fíxase constar *DENEGADA*.

Non ter solicitado nin, en consecuencia, terlle sido concedida ningunha axuda para o mesmo fin das distintas administracións públicas competentes.

_____, de _____ de _____

Asdo.: _____

Delegado/a provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

ANEXO III

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo



EXPEDIENTE

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

TITULAR DA CONTA		DNI/NIF	
ENDEREZO			
POBOACIÓN (INDICAR C.P.)		TELÉFONO	
DATOS DA CONTA			
CÓDIGO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	D.C.	CÓDIGO DA CONTA
_____	_____	_____	_____
BANCO			
ENDEREZO		C.P.	LOCALIDADE
_____		_____	_____

CERTIFICO:

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao título e número de conta.

_____, de _____ de _____

SINATURA DO SOLICITANTE

SINATURA E SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA

Delegado/a provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

ANEXO IV



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
 EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

UNIÓN EUROPEA
 Fondo Social Europeo



EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE TÉCNICOS LOCAIS DE EMPREGO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO AS351B	DOCUMENTO S-2
---	---	-------------------------

ENTIDADE SOLICITANTE

PERFIL DO/DOS TÉCNICO/S QUE SE VAN CONTRATAR

1.- DATOS PERSOAIS
 Primeiro apelido, segundo apelido, nome, DNI, lugar e data de nacemento e nacionalidade.

2.- TITULACIÓN ACADÉMICA
 Nivel, título, especialidade, institución educativa e ano. Acreditarase mediante a presentación do orixinal ou copia compulsada do/dos título/s universitario/s.

3.- FORMACIÓN DE POSGRAO
 Título do mestrado ou curso de especialización, institución educativa e número de horas. Acreditarase mediante a presentación do orixinal ou copia compulsada do/s título/s expedido/s ou homologado/s pola universidade.

4.- COÑECEMENTOS DE INFORMÁTICA
 Programas que coñece e nivel. Non fai falta acreditación.

5.- IDIOMAS
 Nivel falado ou escrito. Non fai falta acreditación.

6.- EXPERIENCIA PROFESIONAL
 Entidade, área ou departamento, cargo ou categoría, tempo e funcións. Acreditarase mediante a presentación de orixinais ou copias compulsadas dos contratos de traballo e/ou doutros documentos onde consten os coñecementos adquiridos en materias relacionadas coas funcións propias dos técnicos locais de emprego.

CUSTOS DOS TÉCNICOS QUE SE VAN CONTRATAR

NOME E APELIDOS DO TÉCNICO LOCAL DE EMPREGO	XORNADA (1)	CUSTO BRUTO ANUAL DA CONTRATACIÓN	% CONSELLERÍA (IMPORTE €)	% ENTIDADE SOLICITANTE (IMPORTE €)

(1) Completa ou parcial; neste último caso indíquese a porcentaxe da xornada.

DESAGREGAMENTO DO SALARIO BRUTO MENSUAL (Relaciónense os técnico/s de acordo coa orde do cadro anterior)

XORNADA (1)	Nº TÉCNICOS	SALARIO MENSUAL	Rateo P. EXTRAS	COMPLEMENTO SALARIAL	GRUPO DE COTIZACIÓN (2)	EPÍGRAFE DE COTIZACIÓN (3)	COTIZACIÓN EMPRESARIAL Á S.S.	TOTAL MENSUAL

(1) Completa ou parcial; neste último caso indíquese a porcentaxe da xornada.

(2) Indíquese o grupo de cotización á Seguridade Social segundo a categoría profesional do traballador.

(3) Indíquese a epígrafe de tarifas de primas de accidentes de traballo por IT e IMS.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 1 de agosto de 2005 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a contratación de técnicos locais de emprego no ámbito da colaboración da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o ano 2005.

SINATURA DO REPRESENTANTE

_____, de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE REXISTRO
	DATA DE ENTRADA
	/ /
	DATA DE EFECTOS
	/ /
	DATA DE SAÍDA
	/ /

REVISADO E CONFORME

Resolución do 5 de xullo de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo do sector das axencias marítimas.

Visto o texto do convenio colectivo do sector das axencias marítimas, con número de código 3600044, que tivo entrada no rexistro único do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo o día 27-6-2005, subscrito en representación da parte económica pola *Asociación de Empresas Consignatarias y Estibadoras de Buques de Pontevedra* (ACOESPO) e, da parte social, pola central sindical UGT, con data do 1-6-2005. De conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, que consta nesta delegación provincial, e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Vigo, 5 de xullo de 2005.

Joaquín Macías Sánchez
Delegado provincial de Pontevedra

Convenio colectivo de traballo para axencias marítimas da provincia de Pontevedra

I. Normas xerais.

Artigo 1º.-Ámbito de aplicación.

Este convenio regula as relacións laborais entre as empresas consignatarias de buques e actividades afíns da provincia de Pontevedra e os seus traballadores.

Artigo 2º.-Duración e prórrogas.

Este convenio terá unha duración de dous anos, entrando en vigor, para todos os efectos, o 1 de xaneiro de 2005, calquera que sexa a data de publicación no BOP, prorrogándose tacitamente por períodos anuais sempre que non sexa denunciado, exceptuándose no relativo á táboa salarial, que será revisada anualmente.

Artigo 3º.-Denuncia.

Calquera das partes, con dous meses de antelación como mínimo, poderá denunciar o convenio por escrito, a través dos seus representantes legais ante a autoridade laboral competente.

Artigo 4º.-Comisión paritaria.

Para interpretar e vixiar a aplicación deste convenio créase unha comisión paritaria, segundo establece o artigo 85.2º do Estatuto dos traballadores, a cal estará composta por igual número de membros entre as partes asinantes.

A composición será de dous membros por cada parte. Poderán asistir ás sesións da comisión paritaria con voz pero sen voto, os asesores que as partes estimen conveniente, cun máximo de dous por cada parte.

Artigo 5º.-Condições máis beneficiosas.

O persoal que con anterioridade ao convenio viñese desfrutando de condicións máis beneficiosas que as que aquí se establecen deberá conservalas.

II. Condições laborais.

Artigo 6º.-Xornada de traballo.

Establécese a xornada laboral partida cos horarios vixentes na actualidade, quedando os sábados libres para todos os efectos, sen que con iso se restrinxa a xornada de traballo existente.

A xornada será de 40 horas semanais.

A xornada de verán será intensiva, comezando o 1 de xuño e finalizando o 30 de setembro de cada ano.

As empresas, de acordo cos seus empregados, poderán establecer en cada caso os horarios e as xornadas máis convenientes para o desenvolvemento da súa actividade.

Non obstante o estipulado nos parágrafos anteriores e dadas as características do tráfico, as empresas poderán, con suxeición a horario fixo, utilizar o persoal necesario para atender as chegadas, despachos e saídas de buques, aeronaves, trens e demais medios de transporte e despacho de aduanas, sinalando o persoal que haxa de prestar servizos os sábados, por rigorosa quenda rotativa, sen compensación económica ou recuperación de horas sempre e cando non se superen as 40 horas semanais.

Para o persoal de peirao a xornada de traballo será de 40 horas semanais, de luns a venres.

A xornada en sábados para o persoal de peirao será de dúas intensivas, unha de 8.00 a 14.00 horas e outra de 14.00 a 20.00 horas.

A segunda xornada dos sábados, así como a dos domingos e festivos poderase ampliar coas horas necesarias ata finalizar a operativa portuaria.

As tardes dos días 24 e 31 de decembro de cada ano establécense con carácter non laborable, non recuperable e retribuído.